

Organización de produtores pesqueiros de Noia (OPP-95)
RUA REPÚBLICA ARGENTINA, 21 BAIXO
15200 - Noia
A Coruña

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O INFORME ANUAL DE ACTIVIDADES DO EXERCICIO 2024, DERIVADO DO PLAN DE PRODUCCIÓN E COMERCIALIZACIÓN PRESENTADO POLA "Organización de produtores pesqueiros de Noia (OPP-95)"

1. ANTECEDENTES

Por resolución do 27 de maio de 2024 da Consellería do Mar foi recoñecida a entidade denominada "Organización de produtores pesqueiros de Noia" (OPP-95), como organización de produtores pesqueiros con ámbito de actuación da Comunidade Autónoma de Galicia, quedando inscrita no Rexistro Xeral de Organizacións de Produtores Pesqueiros co código e número: OPP-95.

O 26 de xullo de 2024 o representante da "Organización de produtores pesqueiros de Noia" (OPP-95) presentou o Plan de Produción e Comercialización para o período 2024-2025.

O 23 de agosto de 2024 a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica remitiu á "Organización de produtores pesqueiros de Noia" (OPP-95)" un escrito concedendo un prazo de (10) días para a emenda dos erros detectados no citado plan.

O 13 de setembro de 2024 o representante da "Organización de produtores pesqueiros de Noia" (OPP-95)" presentou o Plan de Produción e Comercialización modificado para o período 2024-2025. O 24 de setembro de 2024 achegou documentación complementaria.

O 30 de setembro de 2024 a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica aprobou o plan de produción e comercialización para o período 2024-2025, presentado pola "ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES PESQUEIROS DE NOIA (OPP-95)".

O 27 de febreiro de 2025 o representante da "Organización de produtores pesqueiros de Noia" (OPP-95)" presentou no Rexistro o informe anual de actividades do exercicio 2024.

O 22 de abril de 2025 a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica remitiu á "Organización de produtores pesqueiros de Noia" (OPP-95)" un escrito concedendo un prazo de dez (10) días para a emenda dos erros detectados no citado Informe. O 16 de maio de 2025 presentouse o informe anual de actividades modificado do exercicio 2024.

2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Regulamento (CE) núm. 2406/1996 do Consello, do 26 de novembro, polo que se establecen normas comúns de comercialización para determinados produtos pesqueiros.
- Regulamento (UE) núm. 1379/2013, do 11 de decembro, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, dedica a súa sección IV aos Plans de Produción e comercialización (PPeC); no seu artigo 28, apartado 5 determina que as organizacións de produtores elaborarán un informe anual das actividades desenvolvidas no marco do plan de produción e comercialización, e remitirano ás autoridades competentes, para a súa aprobación.
- Regulamento (UE) núm. 1418/2013, do 17 de decembro, relativo aos plans de produción e comercialización en virtude do Regulamento (UE) núm. 1379/2013, do 11 de decembro, que determina entre outros o formato e a estrutura, os prazos e procedementos para a presentación dos PPeC.



- Recomendación da Comisión, do 3 de marzo de 2014, relativa ao establecemento e aplicación dos plans de produción e comercialización en virtude do Regulamento (UE) núm. 1379/2013, indica que as organizacións de produtores deberán presentar o informe anual despois da finalización dos plans de produción e comercialización. No caso dos plans plurianuais, deberá presentar un informe cada ano. O informe anual deberá incluír indicadores de realizacións e de resultados, segundo o previsto no calendario de aplicación dos plans presentados para a súa aprobación ás autoridades nacionais competentes. As organizacións de produtores deben incluír tamén nos seus plans un plan financeiro que especifique os diferentes custos, gastos e recursos financeiros previstos para cada unha das medidas que teñan a intención de aplicar (punto 6 da Recomendación). Os investimentos serán os recollidos no punto 6.2 e 6.3 da Recomendación, e dividiranse en "Gastos do titular do proxecto" e "Gastos das actividades de xestión do proxecto".
- Real Decreto 277/2016 do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e acuicultura, modificado polo Real Decreto 664/2023, do 18 de xullo, no seu artigo 15 establece que as organizacións de produtores presentarán un informe anual sobre a aplicación dos plans de produción e comercialización aprobados, xa sexan anuais ou plurianuais, antes do 28 de febreiro de cada ano. Nel tamén se establece que os informes anuais deben ter a mesma estrutura que os plans de produción e comercialización e que no seu caso, na revisión e aprobación dos informes procederase do mesmo xeito que para os PPeC.
- Polo tanto, procederase á revisión e no seu caso, aprobación dos informes anuais da mesma maneira que para os plans de produción e comercialización, nun prazo de 6 semanas dende a súa presentación.
- As Organizacións de Produtores, pola súa banda, dispoñerán dun prazo de 2 semanas para presentar o informe anual modificado, no caso de que a unidade tramitadora considere que o informe presenta algunha carencia ou incumpre os obxectivos da OCM. O prazo para a aprobación do informe modificado será de 4 semanas.
- Real Decreto 956/2017, do 3 de novembro, polo que se establece o marco regulador de axudas ás organizacións profesionais do sector da pesca e da acuicultura, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e as súas bases reguladoras de ámbito estatal, modificado polo Real Decreto 786/2023, de 17 de outubro e polo que se modifican o Real Decreto 418/2015, do 29 de maio, polo que se regula a primeira venda de produtos pesqueiros, e o Real Decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.
- Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establece establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.
- Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, da Pesca e da Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.
- Preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, pola que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Informe técnico da unidade tramitadora.



- Proposta de Resolución da Subdirección Xeral de Pesca e Mercados da Pesca.
- Orde do 26 de setembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de diferentes liñas de axudas ás organizacións de produtores do sector pesqueiro e da acuicultura no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e da Acuicultura (FEMPA) para o período 2021-2027.

Vista a lexislación vixente, así como a documentación técnica e proposta de resolución que acompaña a este expediente,

RESOLVO,

Aprobar o **informe anual de actividades do exercicio 2024**, derivado do plan de produción e comercialización presentado pola "Organización de produtores pesqueiros de Noia (OPP-95)", aprobado por resolución do 30 de setembro de 2024, coa táboa de gasto que se recolle no Anexo I, apartado que forma parte desta resolución, sempre e cando:

- Se respecten as seguintes **CONSIDERACIÓNS**, xa tidas en conta na elaboración da táboa de gasto proposta e anteriormente referenciada:

- **Sección 3:**

- **202595S3M03 - Plan de vigilancia, control y seguimiento de los bancos marisqueros:**

-Condicionase o posible apoio financeiro dos gastos de titular imputados á medida a que xunten información que permita relacionar os nomes dos traballadores imputados cos nº de gardapescas que figuran nas actas.

- **202595S3M08 - Eficiencia energética en Instalación para a Recuperación de Especies e Ecosistemas Mariños :**

-Non se considera que se levarán a cabo as accións previstas no marco desta medida no plan de produción e comercialización tal e como estaban previstas ao non terse realizado a execución do proxecto que era a motivación principal da medida e cuxo fin era acadar a consecución do Obxectivo da OCM elixido: 3.1.6 Mellora da rendibilidade económica. As accións levadas a cabo: "Realización dunha auditoría de eficiencia enerxética para identificar áreas de mellora no uso eficiente da enerxía, reducir custos operativos e minimizar o impacto ambiental" e "Realización do proxecto técnico" non se consideran subvencionables por estar , as actividades descritas, expresamente mencionadas como gastos non subvencionables na letra r) do artigo "Artigo 30. Gastos non subvencionables" da ORDE do 26 de setembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de diferentes liñas de axudas ás organizacións de produtores do sector pesqueiro e da acuicultura no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) para o período 2021-2027, xa que, de acordo coa citada letra r) do Artigo 30 mencionado , exclúense aqueles gastos relacionados coa subcontratación de traballos asociados ás definicións de "investigación fundamental", "investigación industrial" e "desenvolvemento experimental", conforme o artigo 2 do Regulamento (UE) Non 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, e aínda que se contemplan excepcións para gastos relacionados con traballos de desenvolvemento experimental en casos de demostración, elaboración de proxectos piloto, ensaio e validación de produtos, procesos ou servizos novos ou mellorados, estas excepcións requiren que o obxectivo principal sexa achegar novas melloras técnicas a produtos, procesos ou servizos que non estean substancialmente asentados. Neste caso, dado que a execución da obra non se realizou, os traballos de auditoría enerxética e proxecto técnico quedan dentro da categoría de gastos non subvencionables, ao non cumprir cos requisitos de desenvolvemento experimental en contornas representativas de condicións reais de funcionamento, e polo tanto minorase o seu importe.

- **202595S3M10 - Gestión de Instalación para a Recuperación de Especies e Ecosistemas Mariños:**

-Condicionase a subvencionalidade do gasto imputado a que xunten a autorización previa da consellería competente en materia de acuicultura , así como a escritura pública da cesión tal e como se establece nos artigos 54 e 70 da Lei 8/2011 de Pesca de Galicia de 3 de decembro .



- **202595S3M11 - Punto de Venta Directa:**

-Condicionase a subvencionalidade do gasto imputado , ao ditame favorable dun organismo externo que avaliará a documentación xustificativa presentada desta medida respecto da súa subvencionalidade, calidade técnica na súa elaboración , intensidade de axuda, que o seu contido evidencie o correcto desenvolvemento da medida expresada e o cumprimento do obxectivo da OCM elixido así, como ao cálculo gasto asociado (importe elixible).

- Se cumbran por parte da devandita OPP as seguintes **CONDICIÓNS e OBRIGAS** que a continuación se relacionan:

1. A subvencionalidade dos investimentos referidos no plan de produción e comercialización para o período 2024, indicados no informe anual, estará suxeita ao cumprimento dos requisitos que se determinen nas bases reguladoras de concesións de subvencións dos Plans de Produción e Comercialización e a convocatoria correspondente, dirixida ás Organizacións de Produtores da Pesca e da Acuicultura, así como ao crédito dispoñible, e a demais normativa aplicable. Así mesmo, a contía da axuda non poderá superar a porcentaxe establecida na normativa vixente do valor medio anual de produción comercializada durante os tres anos civís anteriores. No caso de organizacións recentemente recoñecidas, esta axuda non superará a porcentaxe establecida na normativa vixente do valor medio da produción comercializada polos membros desa organización durante os tres anos civís anteriores.

2. De cara a obter o posible apoio financeiro das medidas executadas no marco dos Plans de Produción e Comercialización, sen prexuízo do establecido nas correspondentes bases reguladoras das axudas, todos os gastos, incluídos os realizados con tarxetas de débito e tarxetas de crédito, deberán ir contra contas bancarias das que a Organización de Produtores Pesqueiros sexa titular.

3. No suposto de medidas conxuntas con outras organizacións de produtores pesqueiros, e aos efectos do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase gasto subvencionable de cada medida, á suma dos importes asignados para esa medida a cada unha das organizacións de produtores pesqueiros.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo máximo de un (1) mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Mediante este documento notifícaselle a presente resolución, segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Patricia García Sánchez



ANEXO I

ANEXO DE INVERSIONES PROPOSTAS NO INFORME ANUAL DE ACTIVIDADES PRESENTADO POLA "Organización de produtores pesqueiros de Noia (OPP-95)".

Os investimentos expostos son os seguintes:

		GASTOS APROBADOS PLAN			GASTOS SOLICITADOS INFORME					GASTOS APROBADOS INFORME					
CÓDIGO	MEDIDA	GASTOS ACT. TITULAR PLAN	GASTOS ACT. XESTIÓN PLAN	TOTAL	GASTOS ACT. TITULAR INFORME	GASTOS ACT. XESTIÓN (BASE) INFORME	GASTOS ACT. XESTIÓN (IVE non recuperable) INFORME	GASTOS ACT. XESTIÓN INFORME	TOTAL	GASTOS ACT. TITULAR INFORME	GASTOS ACT. XESTIÓN (BASE) INFORME	GASTOS ACT. XESTIÓN (IVE non recuperable) INFORME	GASTOS ACT. XESTIÓN INFORME	TOTAL	CONSIDERACIÓNS
202595S3M01	Asesoramiento a los productores en PRL	800,00	20.000,00	20.800,00	704,81	19.996,00	0,00	19.996,00	20.700,81	704,81	19.996,00	0,00	19.996,00	20.700,81	
202595S3M02	Asistencia a reuniones, jornadas y convocatorias	100,00	1.500,00	1.600,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
202595S3M03*	Plan de vigilancia, control y seguimiento de los bancos marisqueros	98.000,00	29.000,00	127.000,00	64.117,86	0,00	0,00	0,00	64.117,86	64.117,86	0,00	0,00	0,00	64.117,86	(1)
202595S3M04	Plan de marketing y comunicación 360 de OPPNoia	800,00	40.000,00	40.800,00	704,81	13.980,00	0,00	13.980,00	14.684,81	704,81	13.980,00	0,00	13.980,00	14.684,81	
202595S3M05	Incorporación de drones en la vigilancia de los bancos marisqueros	800,00	15.000,00	15.800,00	704,81	12.850,00	0,00	12.850,00	13.554,81	704,81	12.850,00	0,00	12.850,00	13.554,81	
202595S3M06	Departamento de Ventas	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	



		GASTOS APROBADOS PLAN			GASTOS SOLICITADOS INFORME					GASTOS APROBADOS INFORME					
202595S3M07	Promoción de producto OPPNOIA	100,00	3.000,00	3.100,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
202595S3M08*	Eficiencia energética en Instalación para a Recuperación de Especies Ecosistemas Mariños	50,00	536.075,32	536.125,32	0,00	14.542,08	0,00	14.542,08	14.542,08	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	(2)
202595S3M09	Estudios a través del laboratorio	4.000,00	12.000,00	16.000,00	1.096,38	2.900,00	0,00	2.900,00	3.996,38	1.096,38	2.900,00	0,00	2.900,00	3.996,38	
202595S3M10*	Gestión de Instalación para a Recuperación de Especies Ecosistemas Mariños	57.500,00	0,00	57.500,00	36.552,28	0,00	0,00	0,00	36.552,28	36.552,28	0,00	0,00	0,00	36.552,28	(3)
202595S3M11*	Punto de Venta Directa	25.200,00	0,00	25.200,00	24.629,88	0,00	0,00	0,00	24.629,88	24.629,88	0,00	0,00	0,00	24.629,88	(4)
202595S3M12	Exaltación berberecho de Noia	800,00	10.281,00	11.081,00	704,81	10.281,00	0,00	10.281,00	10.985,81	704,81	10.281,00	0,00	10.281,00	10.985,81	
202595S4M01	Campaña de promoción y valorización del berberecho de 4º	350,00	2.000,00	2.350,00	0,00	2.000,00	0,00	2.000,00	2.000,00	0,00	2.000,00	0,00	2.000,00	2.000,00	
202595S5M01	SANCIONES DE LA OPP RESPECTO DEL PLAN DE PRODUCCIÓN Y COMERCIALIZACIÓN	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
	Preparación do plan de produción e comercialización	0,00	5.000,00	5.000,00	0,00	5.000,00	0,00	5.000,00	5.000,00	0,00	5.000,00	0,00	5.000,00	5.000,00	
	Preparación do informe anual	0,00	5.000,00	5.000,00	0,00	5.000,00	0,00	5.000,00	5.000,00	0,00	5.000,00	0,00	5.000,00	5.000,00	



		GASTOS APROBADOS PLAN			GASTOS SOLICITADOS INFORME					GASTOS APROBADOS INFORME					
	Informe do auditor (art. 50 Decreto 11/2009. Regulamento de la Ley de subvenciones de Galicia)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
	Auditoría bienal(art. 7.4 del RD 277/2016, modificado polo RD 956/2017)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
TOTAL		188.500,00	678.856,32	867.356,32	129.215,64	86.549,08	0,00	86.549,08	215.764,72	129.215,64	72.007,00	0,00	72.007,00	201.222,64	

Consideracións:

Con relación á **Sección 3 deste Informe Anual, faise constar que*

*(1)*Con relación á medida **202595S3M03** deste Informe Anual, faise constar que condicionase o posible apoio financeiro dos gastos de titular imputados á medida a que xunten información que permita relacionar os nomes dos traballadores imputados cos nº de gardapescas que figuran nas actas.*

*(2)*Con relación á medida **202595S3M08** deste Informe Anual, faise constar que non se considera que se levarán a cabo as accións previstas no marco desta medida no plan de produción e comercialización tal e como estaban previstas ao non terse realizado a execución do proxecto que era a motivación principal da medida e cuxo fin era acadar a consecución do Obxectivo da OCM elixido: 3.1.6 Mellora da rendibilidade económica. As accións levadas a cabo: "Realización dunha auditoría de eficiencia enerxética para identificar áreas de mellora no uso eficiente da enerxía, reducir custos operativos e minimizar o impacto ambiental" e "Realización do proxecto técnico" non se consideran subvencionables por estar, as actividades descritas, expresamente mencionadas como gastos non subvencionables na letra r) do artigo "Artigo 30. Gastos non subvencionables" da ORDE do 26 de setembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de diferentes liñas de axudas ás organizacións de produtores do sector pesqueiro e da acuicultura no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) para o período 2021-2027, xa que, de acordo coa citada letra r) do Artigo 30 mencionado, exclúense aqueles gastos relacionados coa subcontratación de traballos asociados ás definicións de "investigación fundamental", "investigación industrial" e "desenvolvemento experimental", conforme o artigo 2 do Regulamento (UE) Non 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, e aínda que se contemplan excepcións para gastos relacionados con traballos de desenvolvemento experimental en casos de demostración, elaboración de proxectos piloto, ensaio e validación de produtos, procesos ou servizos novos ou mellorados, estas excepcións requiren que o obxectivo principal sexa achegar novas melloras técnicas a produtos, procesos ou servizos que non estean substancialmente asentados. Neste caso, dado que a execución da obra non se realizou, os traballos de auditoría enerxética e proxecto técnico quedan dentro da categoría de gastos non subvencionables, ao non cumprir cos requisitos de desenvolvemento experimental en contornas representativas de condicións reais de funcionamento, e polo tanto minorase o seu importe.*



(3)*Con relación á medida **202595S3M10** deste Informe Anual, faise constar que condicionase a subvencionalidade do gasto imputado a que xunten a autorización previa da consellería competente en materia de acuicultura , así como a escritura pública da cesión tal e como se establece nos artigos 54 e 70 da Lei 8/2011 de Pesca de Galicia de 3 de decembro .

(4)*Con relación á medida **202595S3M11** deste Informe Anual, faise constar que condicionase a subvencionalidade do gasto imputado , ao ditame favorable dun organismo externo que avaliará a documentación xustificativa presentada desta medida respecto da súa subvencionalidade, calidade técnica na súa elaboración , intensidade de axuda, que o seu contido evidencie o correcto desenvolvemento da medida expresada e o cumprimento do obxectivo da OCM elixido así, como ao cálculo gasto asociado (importe elixible).

O importe do investimento subvencionable será o que se obteña da valoración das obras ou investimentos con criterios técnico-económicos, obxectivos e homoxéneos, de acordo cos informes emitidos.



ANEXO II

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1. A determinación final da intensidade da axuda para cada unha das medidas do plan de produción e comercialización, así como os demais requisitos necesarios para poder optar ao financiamento, será feita no informe anual de actividades correspondente, unha vez esta unidade tramitadora dispoña da documentación de xustificación necesaria a presentar pola Organización de Produtores, e poida comprobar o cumprimento do establecido nas bases reguladoras e convocatoria correspondente e, de considerarse necesario, se obteña a valoración favorable por un organismo externo das características que requiran de análise para optar a esa intensidade.
2. As medidas destinadas á mellora da selectividade por tallas ou especies das artes de pesca poderán optar ao 100 % da intensidade. Esta porcentaxe supeditase á achega dun estudo que evidencie que a medida contribuíu a mellorar a selectividade. No caso de que os resultados do estudo non sexan satisfactorios, aplicárase unha intensidade do 75 % á referida medida. O estudo debe realizarse por unha entidade encadrada en:
 - a. Organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado ou da Xunta de Galicia.
Universidades públicas.
 - b. Entidades públicas instrumentais do sector público autonómico que desenvolvan traballos de I+D+I.
 - c. Centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal ou autonómico rexistrados no Rexistro de tales centros.
3. As actividades a realizar en cada unha das medidas, deben diferenciarse da relacionadas no Artigo 30. Gastos no subvencionables das bases reguladoras de concesións de subvencións dos Plans de Produción e Comercialización, ademais de axustarse á definición de gastos subvencionables do Anexo do Real Decreto 956/2017 de 3 de novembro modificado polo RD 786/2003 de 17 de outubro, deberán circunscribirse ao cumprimento do obxectivo da OCM e medida da Recomendación de 3 de marzo de 2014 elixidos na medida, apartado que deberá quedar xustificado na presentación do informe anual de actividades.
4. En función do orzamento de gastos de xestión de cada medida no momento de realizar as contratacións necesarias deben ter en conta os requisitos que establecen os artigos 27.3 e 29.3 da Lei de subvencións de Galicia e o artigo 29.2 das bases reguladoras.
5. No caso da realización de medidas conxuntas con outras Organizacións de Produtores, a elixibilidade do gasto da medida queda condicionado ao cumprimento dos requisitos e esixencias normativas para as medidas realizadas conxuntamente por mais dunha OPP, a xustificar na presentación do Informe Anual de Actividades correspondente, de selo caso, asemade deben ter en conta que aos efectos do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerárase gasto subvencionable da medida, á suma dos importes asignados para esta medida a cada unha das organizacións de produtores pesqueiros. No momento de xustificación do gasto e realización da medida (informe anual) deberán achegar, non só a documentación referente a execución e pago por parte da propia OPP da súa participación na medida, senón que a xustificación deberase realizar coa presentación da documentación técnica e económica axeitada para poder analizar de forma conxunta a correcta realización e xustificación da medida.
6. De conformidade co artigo 65 do Regulamento (UE) núm. 2021/1060, (Regulamento de disposicións comúns ou RDC), deben ter en conta para as medidas que incorporen equipamentos, adquiran ou desenvolvan investimentos, que estes deben permanecer na propiedade da OP polo menos cinco anos despois de realizado o



pago final á OP, incluso despois da instalación do equipo a bordo dun buque de pesca de propiedade privada. Esta propiedade debe estar protexida por un acordo formal entre a OPP e o armador e unha identificación clara do propio equipo. Unha copia deste acordo debe aportarse co informe anual de actividades, así como explicar o destino que se dará aos prototipos, de ser o caso. No caso de trasladar o equipamento, a OPP deberá cumprir a petición de solicitude a esta Consellería do Mar, en tempo e forma, sobre a utilización e traslado do mesmo.

7. No caso de medida que inclúan melloras de software, ferramentas informáticas e/ou aplicacións (APPs), deberán adaptarse ás actividades propias da Organización de Produtores, supoñer un beneficio para os socios da devandita organización e contribuír á consecución dos obxectivos que marca a OCM para os plans de produción e comercialización. Unha vez creada, as horas invertidas na introdución de datos ou actualizacións de contidos pasarán a considerarse xestión habitual/gastos operativos da Organización, e polo tanto non se considerarían elixibles no caso de solicitar novos financiamentos. Asemade, o posible apoio financeiro a este tipo de desenvolvementos estará condicionado a que no momento de xustificación do gasto e realización da medida correspondente (informe anual), xunten documentación xustificativa que demostre que se trata dun proceso experimental non asentado e que os gastos relacionados coa subcontratación da medida cumpren co establecido no punto r) do artigo 30. Gastos non subvencionables das Bases Reguladoras.
8. En relación ao produto a adquirir para a realización de degustacións, a documentación achegada no momento de xustificación do gasto e realización da medida correspondente (informe anual), debe poder identificar o buque da OPP que capturou o produto.
9. A elixibilidade do gasto asociado á participación nas xuntanzas cos distintos organismos estará condicionado a que estes estean dentro do ámbito da xestión da pesca e se acheguen documentos acreditativos da participación efectiva como actas das xuntanzas ou similares. Aspectos que deberán quedar debidamente xustificadas na presentación do informe anual de actividades correspondente.
10. A elixibilidade de accións destinadas a proporcionar servizos de asesoramento, estará condicionado á achega dunha memoria, na presentación do informe anual, onde se detalle a información individualizada de cada tema e/ou consulta que permita observar o cumprimento do indicado no artigo 29.7 da Ley de Subvencións, polo que se indica que os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma, sen prexuízo do que se prevexa nas bases reguladoras. Con carácter excepcional, os gastos de garantía bancaria poderán ser subvencionados cando así o prevexa a normativa reguladora da subvención. En ningún caso serán gastos subvencionables: a) Os intereses debedores das contas bancarias, b) Os intereses, recargas e sancións administrativas e penais, c) Os gastos de procedementos xudiciais.
11. A aprobación das medidas no marco do PPeC non exime da obtención das autorizacións necesarias para a súa execución. O gasto asociado a medidas queda condicionado a que na presentación do Informe Anual se achegue copias destas autorizacións.
12. A aprobación das medidas e a elixibilidade do gasto, quedan condicionados á correcta xustificación de cada unha das accións no Informe Anual de actividades que permita verificar a súa execución conforme a súa planificación no ámbito da descrición achegada no PpeC.
13. No momento da presentación do Informe Anual de actividades mencionado, deberanse achegar os contratos de patrocinio correspondentes que se desenvolvan no marco das medidas do PPeC.
14. Para a execución das medidas deberán terse en conta os requisitos de publicidade establecidos, polos que se deben poñer de manifesto o apoio recibido do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) e da Xunta de Galicia para a execución da medida a través do uso visible dos logotipos que se establezan a ta-



les efectos, tanto nos materiais coma nos medios nos que se realicen as accións de promoción descritas nesta medida, extremos que deberán ser correctamente xustificadas no informe anual correspondente para que o gasto asociado teña a consideración de elixible. No caso de contidos web, cuñas de radio, spots publicitarios ou promoción en redes sociais deberá achegarse ademais, un arquivo de audio e /ou vídeo coas creatividade e cun exemplo desa cuña.

15. As medidas destinadas á creación ou consecución de certificacións contribúen ao cumprimento dos obxectivos contemplados no Regulamento da OCM polo que os gastos destinados a tal fin son considerados elixibles. Unha vez acadada os gastos de renovación de certificacións, ou da auditoría e control de requisitos da certificación, pasarán a considerarse xestión habitual/gastos operativos da Organización, e polo tanto non se considerarán elixibles no caso de solicitar novos financiamentos. De presentarse no informe anual de actividades, o seu orzamento será minorado correspondentemente.
16. A aprobación das medidas e a elixibilidade dos gastos queda condicionado a que, se a unidade tramitadora o estima pertinente, se obteña ditame favorable dun organismo externo que avaliará a documentación xustificativa presentada respecto da súa calidade técnica na súa elaboración, que o seu contido evidencie o correcto desenvolvemento da medida expresada, o cumprimento do obxectivo da OCM elixido e o cumprimento dos criterios de elixibilidade en especial no establecido no artigo 13 do Regulamento 2021/1139 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), así como ao cálculo do gasto asociado (importe elixible).
17. No caso de que se realicen charlas, talleres formativos, actividades de divulgación ou eventos similares deben poñerse carteis anunciadores ou outro tipo de soportes, nos que se evidenciará o apoio recibido do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) e da Xunta de Galicia para a execución da medida, a través do uso visible dos logotipos que se establezan a tales efectos. Estes soportes deben ir colocados fóra e dentro do recinto no que teña lugar o evento. Para a xustificación, a OPP deberá presentar fotografías (ou vídeos) nos que aparezan os soportes da publicidade. Se se elabora material específico deberá levar unha indicación ao financiamento público do FEMPA e da Xunta de Galicia a través do uso visible dos logotipos establecidos. Tamén é necesario dispoñer dun listado de asistentes e control de asistencia (control de sinaturas) de cada xornada (aínda que estas se realicen de xeito telemático ou virtual), que deberán presentarse no momento da xustificación dos gastos.
18. No caso de medidas nas que se realicen cursos, talleres formativos ou algún tipo de formación para os asociados, coa documentación de xustificación da medida, no momento de presentación do informe anual, deberán achegar o programa de formación no que se describan os contidos impartidos e as unidades didácticas empregadas no curso para, se se considera necesario, se obteña o ditame favorable dun organismo externo o cal avaliará que cumpre cos requisitos mínimos para que a formación sexa dada por boa.
19. Faise constar que na elaboración dos acordos que se produzan dentro do marco das medidas do presente PPeC, deberase ter en conta o cumprimento das normas en materia de competencia, así como outra normativa que lle sexa de aplicación.
20. Os gastos derivados de reunións con provedores e armadores, consideraranse elixibles se a información posta de manifesto nas reunións se recolle nunha acta de cada reunión que deberá achegarse no informe anual do PPeC correspondente, ademais de cumprir os requisitos que se establezan nas bases reguladoras para este tipo de gasto.
21. As actividades a realizar por unha OPP no marco do seu PPeC así como as accións relacionadas, incluíndo os estudos de viabilidade e de mercado, deben axustarse ás definicións establecidas no artigo 2 do Regulamento 852/2004 sobre hixiene dos produtos alimenticios e deben dar lugar a "produtos sen procesar", sempre que sexan necesarios para acadar os obxectivos da OPP de acordo co establecido nos seus estatutos. As actividades (e accións relacionadas) que den como resultado un "produto procesado" segundo as definicións establecidas no artigo 2 do Regulamento 852/2004 non serán elixibles no marco dos PPeC e polo tanto non



obterán apoio financeiro do FEMPA. De presentarse no informe anual de actividades, o seu orzamento será minorado correspondentemente.

22. Se o desenvolvemento dalgunha medida do PPeC xera algún tipo de residuo, ao marxe dos que se recollen no desenvolvemento da mesma, no informe anual de actividades deberase presentar a autorización pertinente para a xestión de ditos residuos, así como un informe detallado da xestión realizada dos mesmos, indicando o cumprimento das condicións sinaladas, para cada tipo de residuo, na normativa sectorial.
23. En relación aos gastos de titular debe terse en conta que non serán elixibles no ámbito de cada medida as horas adicadas á preparación das mesmas. As horas de preparación das medidas do plan deberán ser incluídas no apartado específico habilitado ao efecto, e non no apartado adicado á execución das medidas.
24. No momento de xustificación de cada medida, (Informe Anual), deberán achegar unha memoria de persoal con suficiente detalle que defina, concrete e identifique as tarefas levadas a cabo polo persoal da OPP, e na que se especifique o marco temporal de cada actividade realizada. A memoria de persoal, será un documento explicativo composto por tres partes:
 - a. A primeira, comprenderá unha descrición xeral da estrutura do persoal da entidade coa identificación dos postos de traballo, as persoas que os ocupan e as funcións xerais de cada posto.
 - b. A segunda parte deberá detallar as tarefas executadas durante a anualidade, a descrición básica das actividades levadas a cabo, a medida a que se lle imputa, a data de inicio e de fin da tarefa e as horas, desagregadas por meses, que requiriu a execución.
 - c. A terceira parte deberá incluír evidencias básicas que permitan por de manifesto a realización das tarefas alegadas na segunda parte. O documento deberá ser coherente e estar asinado pola persoa responsable de persoal da OPP.
25. A participación efectiva noutras entidades ou a través delas, así como recibir asesoramento das mesmas pode, en determinados casos, axudar a cumprir os obxectivos da OCM que deben perseguir as OPP por medio dos PPeC, pero a súa elixibilidade, e polo tanto a subvencionabilidade dos gastos imputados, encádrase dentro das restricións indicadas tanto nas bases reguladoras como na demais normativa de aplicación ás OPP e PPeC. Deste xeito, a participación, colaboración ou prestación de asesoramento a través doutras organizacións, como por exemplo as organizacións interprofesionais da pesca, as asociacións de organizacións de produtores, organizacións empresarias e similares, pode resultar en determinadas accións que contribúan a acadar os obxectivos da OCM pero non serán elixibles e polo tanto subvencionables.

